

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 16 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (ED115A).

A Constitución española establece no artigo 3 que «As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos», ademais de recoñecer que as linguas de España son un patrimonio cultural que deberá ser obxecto de respecto e protección.

En consonancia coa Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 5 dispón que «A lingua propia de Galicia é o galego» e que «Os poderes públicos de Galicia garantirán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa...».

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no artigo 2, reitera este mandato, concretando que «Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma galega». E establece no seu artigo 4.1 que «O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma».

Ademais, no artigo 6.4 prevé que «a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei».

No artigo 22 sinala que «o Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos desa lei», e o seu artigo 25 «o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras».

A Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, feita en Estrasburgo, o 5 de novembro de 1992, ratificada polo Estado español mediante o Instrumento de ratificación publicado no *Boletín Oficial del Estado* núm. 222, do 15 de setembro de 2001, establece,



no seu artigo 10.2, que as autoridades locais se comprometen a permitir e a fomentar o emprego das linguas rexionais ou minoritarias no marco da Administración local e, en concreto, nas solicitudes, nos textos oficiais, nos debates das súas asembleas e na toponimia. Así como do resto de actividades que as administracións realicen por si mesmas ou por terceiros interpostos para a prestación dos servizos públicos garantidos, segundo se establece no parágrafo 3 deste mesmo artigo.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 7, números 1 e 3, dispón, respectivamente, que «o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén da súa Administración local» e que «a Xunta de Galicia impulsará o proceso de incorporación da lingua galega na Administración local».

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.

Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas.

Hai que poñer os medios para que todo persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

É necesario darlle continuidade á política pública de fomento a través desta convocatoria de subvención para a promoción do galego nas entidades locais de Galicia, incidindo nas actuacións que garantan unha maior proxección e visibilidade da lingua galega, non só no ámbito administrativo, senón fundamentalmente na acción destinada ao conxunto da sociedade. Así mesmo, e de acordo cos plans de dinamización lingüística que está desenvolvendo esta Secretaría Xeral, como é o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, promoverase que as accións que desenvolvan as entidades locais que se acollan a estas subvencións potencien o uso do galego nestas áreas concretas.



Esta norma ten a pretensión de favorecer a coordinación na tarefa normalizadora e de introducir pautas axeitadas para a planificación da actividade de dinamización social do galego.

Enténdese a dinamización lingüística como o proceso de promoción da lingua, que se leva a cabo mediante o emprego integrado de todas as actividades que faciliten este proceso (formación, elaboración do corpus, sensibilización lingüística, etc.), co obxectivo de incrementar o uso e o prestixio da lingua galega en toda a sociedade.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, consciente da necesidade de promover a coordinación en materia de dinamización lingüística entre as diferentes entidades e administracións, está a desenvolver liñas de actuación e medidas para aumentar a efectividade das actuacións dinamizadoras dirixidas á sociedade.

A Administración local constitúe unha vía de dinamización lingüística prioritaria, por tratarse da organización administrativa que máis próxima e directamente lle transmite a acción pública á cidadanía. Permite a aplicación de medidas de intervención directa na presenza social da lingua de xeito uniforme, atendendo á poboación e ao territorio, e favorecendo tamén a planificación individualizada para cada zona, segundo as particularidades sociolingüísticas destas.

Na súa intención de contribuír á materialización destes obxectivos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística creou a Rede de dinamización lingüística, a través da Orde do 14 de setembro, publicada no DOG núm. 182, do 21 de setembro de 2010, dirixida a fomentar a dinamización e a cooperación entre as distintas entidades locais, coa finalidade de potenciar o proceso de extensión do uso do galego de xeito coordinado e planificado.

A Rede de dinamización lingüística busca favorecer a colaboración e a acción conxunta e coordinada entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as entidades locais integradas nesta rede, que permita intercambiar experiencias e sumar esforzos, así como evitar a duplicidade de tarefas semellantes entre diferentes administracións e outras organizacións que actúan na promoción do uso da lingua galega.

Para darlle cumprimento aos obxectivos da rede e apoiar as entidades locais de Galicia, no labor de normalización lingüística das súas estruturas administrativas e de prestación de servizos lingüísticos demandados pola cidadanía, esta secretaría xeral convoca axudas económicas que reforcen e posibiliten a prestación dos devanditos servizos na maior parte do territorio galego.



Esta convocatoria pretende impulsar e apoiar, mediante os agrupamentos, a prestación de servizos lingüísticos e a dinamización social da lingua galega naqueles concellos que, por posuíren unha poboación inferior aos 3.000 habitantes, poden atopar importantes dificultades para desenvolveren estas tarefas, dada a limitación dos seus recursos.

A convocatoria mantén, ademais, o reforzo da formación lingüística fixada na convocatoria anterior, co fin de que as entidades locais, por medio do persoal técnico de cadanseu servizo lingüístico, programen e desenvolvan cursos formativos de lingua galega. A devandita formación será impartida, de ser o caso, polo persoal técnico dos servizos lingüísticos locais que posúan as seguintes titulacións: grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, as licenciaturas equivalentes aos ditos graos ou outras titulacións superiores pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociais, sempre que estean en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5). Así mesmo, a información sobre estes cursos (nivel, contido, horarios, lugar de realización, forma de inscrición) poderá ser consultada na páxina web www.lingua.gal.

Á Secretaría Xeral de Política Lingüística, de conformidade co establecido no artigo 16 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, compétenlle, entre outras funcións, o impulso de propostas normativas que potencien a normalización lingüística e o fomento do uso da lingua galega, así como o fomento das actividades de normalización e promoción da lingua galega nas administracións públicas.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Anunciar a convocatoria para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega segundo as seguintes bases:

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a fomentar a prestación dun servizo lingüístico, mediante a súa creación ou o mantemento ou reforzamento dos existentes, ou a promover a planificación e o desenvolvemento



de programas de dinamización da lingua galega, en concellos ou en agrupamento de concellos con poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes (procedemento ED115A).

Artigo 2. *Orzamento*

O financiamento das axudas farase con cargo á partida orzamentaria 10.30.151A.460.0, correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, por unha contía inicial máxima de 245.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias.

Artigo 3. *Beneficiarios*

1. As entidades locais de Galicia, excluídas as deputacións provinciais.

2. Os agrupamentos de concellos para a realización dun proxecto común. As súas entidades integrantes nomearán unha entidade representante única que actuará como coordinadora e interlocutora coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e que será a receptora da asignación económica.

Artigo 4. *Modalidades de axuda*

1. As modalidades que adoptan estas axudas son as que se relacionan a seguir:

a) Creación dun servizo lingüístico.

b) Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico.

c) Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico.

2. Para os efectos desta subvención, considéranse:

a) Servizo lingüístico: departamento técnico inserido na entidade local, dotado de recursos materiais e humanos, que ten as funcións de planificar, xestionar, executar e avaliar medidas e accións co obxectivo de incrementar o uso da lingua galega en todos os ámbitos de actuación da organización, tanto interna como externamente.

b) Creación dun servizo: contratación de persoal técnico en entidades locais que en data do 31 de decembro de 2017 non estean dotadas de servizo lingüístico e, polo tanto,



non contén con persoal contratado para este fin. As entidades locais ás cales lles fose concedida e percibisen unha subvención para a creación dun servizo lingüístico ao abeiro da convocatoria de 2017 non poderán acceder a unha axuda para a creación dun servizo lingüístico na presente convocatoria.

c) Mantemento dun servizo: dotación de continuidade a un servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións. Considerarase nesta modalidade sempre que o servizo lingüístico estivese aberto ata o mes de outubro do ano inmediatamente anterior á publicación desta orde e retomada a súa ocupación dentro do primeiro trimestre da convocatoria anual.

d) Reforzamento dun servizo: incorporación de máis persoal técnico, mediante a súa contratación, a un servizo lingüístico xa existente na data de publicación desta convocatoria.

Cada entidade local ou agrupamento de concellos poderá solicitar unha única modalidade de axuda ao abeiro desta convocatoria, desestimaranse as solicitudes que non cumpran este requisito. Así mesmo, tendo en conta que a prestación de servizos lingüísticos implica a planificación e o desenvolvemento de actividades de dinamización lingüística, todas as modalidades de axuda incluirán a súa realización. Ademais, serán inadmitidas aquelas solicitudes conxuntas en que non se acredite a realización conxunta dunha actuación ou servizo e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local. Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, deberá acreditarse que o servizo se presta de xeito mancomunado, metropolitano ou consorciado e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

3. Serán obxecto de subvención as actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2018.

Artigo 5. *Perfil técnico do servizo lingüístico*

1. A actividade dos servizos lingüísticos locais deberá/n desenvolve-la un/unha ou varios/as técnicos/as que posúa/n as seguintes titulacións:

a) Grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, as licenciaturas equivalentes aos ditos graos ou outras titulacións superiores pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociais, sempre que estean en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5).



Este persoal técnico deberá estar encadrado dentro do grupo I de cotización do réxime xeral da Seguridade Social.

b) No caso das entidades que soliciten subvención para o mantemento dun servizo lingüístico e o creasen con anterioridade ao ano 2007, poderán acceder ás subvencións aqueles que conten con persoal fixo que posúa a titulación de mestre/a con diploma de especialista en lingua galega ou co certificado do curso superior de linguaxe administrativa, ou as licenciaturas e graos previstos na letra a) deste artigo.

2. Na selección dos/as candidatos/as as entidades locais deberán ter en conta e valorar os seguintes coñecementos: en linguaxe administrativa, en sociolingüística e en dinamización social, así como as formacións de posgrao en planificación lingüística.

Artigo 6. *Uso da lingua galega*

1. Nas relacións interadministrativas todas as actuacións obxecto de subvención serán en galego e ateranse, no tocante á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

2. Respetarase rigorosamente a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

3. Así mesmo, atenderase ao mandato legal da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, para favorecer a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e ofrecerase aos seus destinatarios a posibilidade de manter a comunicación oral e escrita en lingua galega. Será tamén de aplicación, para a defensa dos seus dereitos lingüísticos, a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

Artigo 6 bis. *Perspectiva de xénero e igualdade*

Nas accións e actuacións obxecto de subvención promoverase a promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista.



Artigo 7. Funcións do servizo lingüístico

1. Os servizos lingüísticos desenvolverán o seu labor tanto no aspecto lingüístico como no sociolingüístico no espazo local.

2. O obxectivo principal dos servizos lingüísticos debe ser o de incrementar o uso e o prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos do termo municipal, non só no seo da propia Administración.

3. En xeral, as funcións que terán os servizos lingüísticos, tanto internas coma externas, entre outras, son as seguintes:

a) Funcións internas:

1º. Asesorar a Administración en todo o relacionado coa promoción da lingua galega.

2º. Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios para cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

b) Funcións de dinamización lingüística:

1º. Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.

2º. Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.

3º. Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo e empresarial, no ámbito local.

4º. Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien a sociedade respecto do uso da lingua galega.

c) Funcións de formación sociolingüística:

1º. Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.



2º. Impartir cursos de formación en lingua galega, de acordo coa programación de cada entidade local.

3º. Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa de promover a extensión do uso do galego: dereitos lingüísticos, lexislación e recursos lingüísticos.

4º. Colaborar no deseño de programas de formación para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas no ámbito local.

5º. Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración.

6º. Definir e propoñer criterios lingüísticos para a organización.

7º. Resolver dúbidas lingüísticas.

8º. Elaborar e recomendar materiais específicos, atendendo ás necesidades dos departamentos.

d) Funcións de coordinación:

1º. Apoiar a difusión das accións dinamizadoras desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

2º. Coordinarse, de ser o caso, coa Rede de dinamización lingüística para planificar, xestionar, executar e avaliar accións de fomento do uso do galego, de acordo cos criterios e as pautas de traballo establecidas pola coordinación técnica da propia rede.

CAPÍTULO II

Da convocatoria pública

Artigo 8. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (anexo I).

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Considerarase último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día do prazo for inhábil, prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Xunto coa solicitude remitirase a seguinte documentación:

a) Acreditación de que a entidade local cumpriu co seu deber de remisión das contas xerais do último exercicio ao Consello de Contas, de acordo co estipulado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 20 de outubro). As entidades locais deberán ter cumprido este requisito na data do remate do prazo de solicitude. No caso dos agrupamentos deberán probar a realización deste requisito todos os concellos que os forman.

b) Proxecto descritivo da modalidade para a que se solicita a subvención, no cal consten todos os datos referidos a el. Debe incluír o orzamento de gastos, total e desagregado por conceptos de gasto, previsto para a realización das accións para as que se solicita a axuda. Para tal fin, cubrirase polo miúdo o anexo II, ao que se achegará, de o considerar necesario, unha memoria explicativa do dito proxecto.

c) Certificación expedida polo/a secretario/a xeral da entidade local, relativa ao acordo, adoptado polo órgano competente, polo que se decide a solicitude da subvención para a



dinamización lingüística e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.

d) De ser o caso, documento acreditativo do acordo de agrupamento realizado polo Pleno ou pola Xunta de Goberno de cada concello agrupado, así como do nomeamento dunha persoa que actuará como representante única, como coordinadora e interlocutora coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

e) As entidades supramunicipais xa formadas deberán presentar a solicitude desde esa entidade.

f) No caso dos agrupamentos, deberán achegar as declaracións do anexo III todos os concellos que os forman.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Desestimaranse as solicitudes que non cumplan os requisitos dos puntos anteriores e os expedientes arquivaranse sen máis trámite.

6. Se a solicitude non reúne os datos de identificación ou algún dos aspectos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirírase a entidade ou o solicitante, de conformidade co establecido no artigo 68 da dita lei, para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, cos efectos previstos no artigo 21 da mesma lei.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificado acreditativo de estar ao día nas súas obrigas tributarias co Estado, emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

c) Certificado acreditativo de estar ao día das súas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma, emitido pola Axencia Tributaria de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio (anexo I) así como, no caso, no anexo III, e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 12. *Publicidade, transparencia e bo goberno*

1. As entidades beneficiarias deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

3. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a suministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

4. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 13. *Protección de datos*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante aquela, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Com-



plexo Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.secretaria@xunta.gal.

CAPÍTULO III Da instrución do procedemento

Artigo 14. *Instrución do procedemento*

O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no articulado básico da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu desenvolvemento, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O órgano instrutor do procedemento será o/a titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística.

O prazo máximo para resolver o procedemento será de cinco (5) meses, contados estes a partir da publicación da presente convocatoria. Transcorrido este prazo sen que se publique resolución expresa, poderase entender que esta é desestimatoria por silencio administrativo da solicitude de concesión da subvención.

Artigo 15. *Criterios de avaliación das solicitudes*

Os criterios para a avaliación dos proxectos que se presenten a esta convocatoria, así como para a conseguinte concesión da subvención, estrutúranse como segue:

1. Criterios xerais:

Modalidade A. Creación dun servizo lingüístico (ata 90 puntos)		
Pola pertenza do(s) concello(s) á Rede de dinamización lingüística		25 puntos
Por poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes (ata 15 puntos)	De 3.000-10.000 hab.	5 puntos
	de 10.001-30.000 hab.	10 puntos
	De 30.001 hab. en diante	15 puntos
Segundo a consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, de acordo cos últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia) (ata 15 puntos)	Cidades, agrupamentos e entidades locais das provincias de Ourense e Lugo	15 puntos
	Vilas grandes	12 puntos
	Vilas pequenas	7 puntos
	Outros	5 puntos



Pola calidade da programación de dinamización lingüística (ata 25 puntos)	Por implicar e colaborar, cando menos, no 60 % dos programas presentados, con outras entidades de incidencia no ámbito local cuxas achegas supoñan beneficios ou melloras na consecución dos obxectivos (ata 9 puntos)	Lingüísticas	Ata 5 puntos
		Non lingüísticas	Ata 6,5 puntos
		Calidade	Ata 2,5 puntos
Pola súa incidencia nos ámbitos establecidos como prioritarios na convocatoria (ata 8 puntos)	1	Nº actividades	
		Calidade	
	2	Nº actividades	
		Calidade	
	3	Nº actividades	
		Calidade	
	4	Nº actividades	
		Calidade	
	5	Nº actividades	
		Calidade	
Pola súa adecuación de cada unha das propostas aos obxectivos de promoción do uso e dinamización social da lingua galega establecidos nesta orde (ata 8 puntos)	1		
	2		
	3		
	4		
	5		
Por incluír formación lingüística en galego			10 puntos

Modalidade B. Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico (ata 100 puntos)		
Pola pertenza do(s) concello(s) á Rede de dinamización lingüística		25 puntos
Por poboación igual ou superior aos 3.000 habitantes (ata 15 puntos)	De 3.000-10.000 hab.	5 puntos
	De 10.001-30.000 hab.	10 puntos
	De 30.001 hab. en diante	15 puntos
Pola continuidade do servizo lingüísticos (ata 10 puntos)	(establecerase a porcentaxe tempo/puntos segundo a cal 24 meses = 10 puntos)	



Segundo a consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, de acordo cos últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia) (ata 15 puntos)	Cidades, agrupamentos e entidades locais das provincias de Ourense e Lugo	15 puntos	
	Vilas grandes	12 puntos	
	Vilas pequenas	7 puntos	
	Outros	5 puntos	
Pola calidade da programación de dinamización lingüística (ata 25 puntos)	Lingüísticas	Ata 5 puntos	
	Non lingüísticas	Ata 6,5 puntos	
	Calidade	Ata 2,5 puntos	
Pola súa incidencia nos ámbitos establecidos como prioritarios na convocatoria (ata 8 puntos)	1	Nº actividades	
		Calidade	
	2	Nº actividades	
		Calidade	
	3	Nº actividades	
		Calidade	
	4	Nº actividades	
		Calidade	
	5	Nº actividades	
		Calidade	
Pola súa adecuación de cada unha das propostas aos obxectivos de promoción do uso e dinamización social da lingua galega establecidos nesta orde (ata 8 puntos)	1		
	2		
	3		
	4		
	5		
Por incluír formación lingüística en galego		10 puntos	



Modalidade C. Dinamización lingüística de entidades locais carentes de servizo lingüístico (ata 40 puntos)					
Pola pertenza do(s) concello(s) á Rede de dinamización lingüística		15 puntos			
Segundo a consideración estratéxica do servizo lingüístico (territorios especialmente desgaleguizados, de acordo cos últimos datos de coñecemento e uso do galego da Enquisa de condicións de vida das familias publicados polo Instituto Galego de Estatística, ou territorios considerados de especial interese para a cobertura uniforme de Galicia) (ata 7 puntos)	Cidades, agrupamentos e entidades locais das provincias de Ourense e Lugo	7 puntos			
	Vilas grandes	5 puntos			
	Vilas pequenas	3 puntos			
	Outros	1 punto			
Pola calidade da programación de dinamización lingüística (ata 18 puntos)	Por implicar e colaborar, cando menos, no 60% dos programas presentados, con outras entidades de incidencia no ámbito local cuxas achegas supoñan beneficios ou melloras na consecución dos obxectivos (ata 6 puntos)	Lingüísticas	Ata 2,5 puntos		
		Non lingüísticas	Ata 3,5 puntos		
		Calidade	Ata 2,5 puntos		
	Pola súa incidencia nos ámbitos establecidos como prioritarios na convocatoria (ata 6 puntos)	1	Nº actividades		
			Calidade		
		2	Nº actividades		
			Calidade		
		3	Nº actividades		
	Calidade				
	4	Nº actividades			
Calidade					
5	Nº actividades				
	Calidade				
Pola súa adecuación de cada unha das propostas aos obxectivos de promoción do uso e dinamización social da lingua galega establecidos nesta orde (ata 6 puntos)	1				
	2				
	3				
	4				
	5				



Nos programas de dinamización lingüística darase prioridade aos que teñan por obxecto incidir desde o ámbito local nas seguintes áreas:

Ámbito	Descrición de obxectivos
Deporte	<ul style="list-style-type: none"> – Lograr que o galego sexa a lingua de comunicación co público nas instalacións e nos acontecementos deportivos. – Conseguir a plena galeguización nos colectivos, federacións e clubs do ámbito do deporte. – Fomentar a presenza do galego na formación dos profesionais do deporte, de xeito que teñan competencia e actitudes favorables para desenvolveren o seu labor en lingua galega.
Mocidade	<ul style="list-style-type: none"> – Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables que se traduzan nun uso xeneralizado do galego e superar vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas. – Fomentar todo tipo de creatividade de base en galego como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural. – Garantir que en galego haxa unha oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura.
Tecnoloxías da información e da comunicación	<ul style="list-style-type: none"> – Fomentar a presenza do galego nas tecnoloxías da información e da comunicación. – Ampliar a oferta de produtos tecnolóxicos e de recursos informáticos en galego. – Potenciar a presenza da lingua galega na internet.
Tecido económico empresarial	<ul style="list-style-type: none"> – Crear conciencia de que o uso do galego pode favorecer as relacións laborais, comerciais e bancarias. – Estender o uso da lingua nas relacións laborais, comerciais e empresariais. – Colaborar con entidades de fomento e impulso da economía (asociacións de comerciantes, centros comerciais abertos, asociacións de empresarios, cámaras de comercio, asociacións financeiras, colexios profesionais etc.). – Promover o establecemento da oferta positiva de atender o cliente en galego como práctica comercial habitual.
Servizos sociais	<ul style="list-style-type: none"> – Potenciar o uso da lingua galega como elemento optimizador do desenvolvemento laboral e de eficacia na prestación de servizos sociais tanto públicos coma privados. – Fomentar que os servizos sociais desenvolvan a súa actividade desde a práctica da oferta positiva de atender os seus usuarios en galego. – Impulsar o uso da lingua galega nas institucións e organismos asistenciais e de servizos sociais, tanto dependentes da Administración como desenvolvidas por empresas privadas e organizacións sen fin de lucro. – Asociar o uso do galego a valores determinantes e prestixiados por parte da sociedade actual.

2. Criterios prioritarios:

1º. A puntuación final das solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade ou calquera outra similar, agás a fusión municipal) incrementarase ata un 30 %, de acordo cos seguintes aspectos:

a) Pola presentación da solicitude conxunta, cando vaia acompañada dunha memoria explicativa da realización e o financiamento conxunto da actuación, incrementarase un 10 %.



b) En función do número de concellos asociados ou da poboación beneficiaria ou destinataria das obras ou servizos, poderá incrementarse ata un 10 %.

- Número de concellos asociados: ata un 4 %

- Repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación dos concellos participantes: por incluír no agrupamento algún concello de poboación inferior aos 3.000 habitantes: ata un 6 %.

c) Pola presentación e valoración dunha memoria de aforro de custos respecto das solicitudes presentadas de modo individual, poderá incrementarse ata un 10 %.

2º. No caso de presentación de solicitudes por parte da entidade resultante dunha fusión de concellos, a súa puntuación final poderá incrementarse ata un 30 %.

3º. Pola presentación de programas que desenvolvan accións previstas no Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020 incrementarase a puntuación final ata un 20 %.

4º. A puntuación que se lle asigne a cada proxecto obterase coa aplicación proporcional dos tramos do baremo e dos criterios prioritarios anteriormente descritos, do que resultará que cada unha das subvencións propostas se determinará establecendo a proporción entre os puntos conseguidos e a dotación económica total da convocatoria.

Artigo 16. *Comisión de valoración*

1. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos desta convocatoria serán analizadas pola comisión de valoración que se creará para tal fin, segundo os criterios de avaliación establecidos no artigo 14 desta orde.

2. Esta comisión estará integrada polos seguintes membros:

a) Presidente/a: a persoa titular da Subdirección Xeral de Planificación e Dinamización Lingüística, ou persoa en quen delegue.

b) Secretario/a: un membro da Secretaría Xeral de Política Lingüística, con voz pero sen voto.

c) Vogais: un máximo de tres funcionarios/as e/ou técnicos/as da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



d) A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local, ou persoa en quen delegue.

Todos os/as vogais e o/a secretario/a serán nomeados pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

3. A comisión de valoración ten atribuídas as seguintes funcións:

a) Informar e valorar as solicitudes, de conformidade cos criterios de valoración establecidos nesta convocatoria. Para iso poderán contar cos informes técnicos dunha comisión de persoal experto nomeada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

b) Propoñer a adxudicación das subvencións e valorar o seu interese.

4. A comisión quedará validamente constituída coa presenza do/a presidente/a, do/a secretario/a e da metade dos seus membros, conforme o establecido no artigo 17.2, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no artigo 19.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro). No non previsto nesta convocatoria, o funcionamento da comisión axustarase ao réxime establecido na sección 3ª do título preliminar, capítulo II, da Lei 40/2015 e no título I, capítulo I, sección 3ª da Lei 16/2010.

Artigo 17. *Proposta de resolución*

A comisión de valoración realizará un informe coa relación de solicitantes, especificando a súa puntuación de acordo cos criterios establecidos na convocatoria. Así mesmo, o órgano instructor do procedemento formulará o correspondente informe-proposta de concesión das subvencións e a súa contía que, xunto co informe da Comisión, elevará á persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, quen resolverá, por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o estipulado na disposición adicional da Orde de 25 de xaneiro de 2012, de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 27, do 8 de febreiro).

Artigo 18. *Resolución e publicación*

1. A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, do programa e do crédito orzamentario a que se imputen, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade ou finalidades da subvención.



A Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web oficial (www.lingua.gal) a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación desta solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na dita páxina web, de conformidade co artigo 4.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, quen resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co establecido na disposición adicional da Orde de 25 de xaneiro de 2012, de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 27, do 8 de febreiro), ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 19. *Práctica das notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e a notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO IV **Terminación do procedemento**

Artigo 20. *Renuncia á subvención*

1. A entidade local beneficiaria disporá dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión da subvención no *Diario Oficial de Galicia*, para comunicar a non aceptación das condicións contidas nela, se é o caso.

2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

3. Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 21. *Xustificación da subvención*

1. As entidades locais beneficiarias da subvención, unha vez concedida esta, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos, de acordo co proxecto achegado na solicitude. A Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

2. As datas dos gastos que se efectúen deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2018.

3. O prazo de xustificación remata o día 20 de outubro de 2018. Para recibir a subvención, as entidades locais beneficiarias deberán remitirlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co límite da dita data, a



documentación xustificativa dos gastos realizados, de acordo coa resolución de concesión e nos termos expresados no proxecto presentado, por un valor mínimo equivalente ao da axuda outorgada, excluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), que non é subvencionable.

4. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

5. As entidades locais beneficiarias están obrigadas a presentar a seguinte documentación:

1º. Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade dos gastos totais que se lle imputan á subvención e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co previsto no artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

2º. A conta xustificativa, que conterá:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe sen IVE, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. No que atinxe aos gastos de persoal, deberanse desagregar por meses, indicando o nome do persoal técnico, o importe bruto, o custo da Seguridade Social, o importe líquido e a data de pagamento. Non se exige a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os gastos efectuados deberán estar directamente relacionados coas actividades que se desenvolvan. E así, nos conceptos da facturación e dos xustificantes de gasto deberá aparecer a denominación da actividade de dinamización lingüística en que se enmarcan, cando se trate de gastos xenéricos ou de difícil identificación terán que xuntar un certificado



expedido polo/a interventor/a ou órgano de contratación da entidade local no cal se faga constar expresamente tal circunstancia, ademais do emisor, do número, da data de expedición e do importe do gasto de que se trate.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3º. Unha memoria descritiva das accións para as que foi concedida a axuda solicitada (contratación de persoal técnico, campañas, programas e actividades de dinamización), e mostra de cada un dos recursos, publicacións e materiais en soporte dixital, así como unha relación de todos eles (anexo IV). De o considerar necesario, poderán engadir un documento descritivo que recolla e amplíe o contido da citada memoria xustificativa.

Todos estes recursos, publicacións e materiais deberán estar redactados en galego e aterse, no tocante á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. En todos os recursos, publicacións e materiais subvencionados debe figurar impreso o patrocinio da Xunta de Galicia a través do seu logotipo, de acordo cos criterios establecidos no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia, así como no Decreto 409/2009, do 5 de novembro (DOG núm. 227, do 19 de novembro), polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, logo de comunicación e acordo coa entidade titular, resérvase a posibilidade de difundir aquelas actividades de maior interese para a promoción da lingua galega, dentro da Rede de dinamización lingüística.

4º. Anexo V (no caso de agrupamentos deberán achegar as declaracións deste anexo todos os concellos que os forman).

5º. Ademais da documentación citada, e con carácter específico segundo as distintas modalidades, deberán achegar o seguinte:

1. No caso de que a subvención se concedese para a creación de novos servizos lingüísticos:

a) Certificación da persoa responsable da secretaría ou secretaría -intervención da entidade local en que se faga constar a realización da contratación, a duración desta, o paga-



mento das retribucións e a categoría profesional do persoal técnico dos servizos lingüísticos locais.

b) Copia compulsada da titulación requirida e, se é o caso, do Celga 5.

2. No caso das axudas para mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico xa existente:

- Certificación da persoa responsable da secretaría ou secretaría-intervención da entidade conforme o servizo lingüístico estaba xa creado na data de publicación desta convocatoria, na cal se indique expresamente a data de creación do servizo lingüístico, o pagamento das retribucións e a categoría profesional do persoal técnico dos servizos lingüísticos locais.

- Copia compulsada da titulación requirida e, se é o caso, do Celga 5.

6º. As entidades locais poderán concertar con terceiros a execución parcial ou total da actuación que constituía o obxecto da axuda e asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada.

7º. Transcorrido o prazo establecido no punto 3 deste artigo sen ter presentadas as xustificacións, revogarase a concesión das subvencións ás entidades locais que correspondan.

8º. As entidades locais beneficiarias están obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso da subvención concedida na súa conta bancaria.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados ou por calquera outro medio de proba que acredite a realización do pagamento, segundo especifican os artigos 42 e 49 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9º. As entidades locais beneficiarias deberán ter en conta que a xustificación dos gastos deberá ser coherente co contido da solicitude de subvencións respectando os conceptos e a proporcionalidade que figuren na solicitude (persoal, actividades de dinamización lingüística, cursos). Así mesmo, a documentación achegada deberá corresponderse coa indicada na conta xustificativa presentada segundo o apartado 5.2 deste artigo.

Artigo 22. *Pagamento*

1. O importe da subvención concedida aboarase mediante un pagamento único unha vez que se achegue a xustificación correctamente.



2. Se o importe xustificado é inferior ao da subvención concedida, esta minorarase ata a contía realmente xustificada.

3. A contía fixada na resolución poderá ser revisada á baixa polo órgano responsable da concesión da axuda, se a xustificación do proxecto non concorda co inicialmente declarado na solicitude. O novo importe da subvención virá determinado pola minoración da puntuación inicial na epígrafe correspondente á Calidade da Programación de Dinamización Lingüística segundo os criterios de avaliación de solicitudes e determinación da contía da subvención reflectidos no artigo 14, logo do informe aprobado pola comisión de valoración.

4. No caso de que se lle conceda outra subvención para o mesmo proxecto no prazo de vixencia desta convocatoria, a entidade terá que comunicarllo á Administración. A este respecto, é de aplicación o disposto no artigo 11.d) e no 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o cal o importe da subvención se minorará cando a súa contía, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, supere o 100% do custo da actividade subvencionada.

Artigo 23. *Outras obrigas*

As entidades beneficiarias teñen a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 24. *Incumprimento*

Calquera alteración dos datos que figuran no impreso de solicitude e calquera outro incumprimento das normas contidas nesta orde terá como consecuencia a revogación da axuda logo da audiencia á entidade interesada, e esta, se é o caso, terá que reintegrar as cantidades percibidas e mais os xuros de demora xerados desde o momento do seu pagamento, de acordo co estipulado no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 25. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter información adicional na Secretaría Xeral de Política Lingüística, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (www.lingua.gal, epígrafe Convocatorias).



b) Nos teléfonos 881 99 63 25/881 99 63 31/ 881 99 63 23 da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

c) No enderezo electrónico: expl.subvencions@xunta.gal.

d) En calquera das dependencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística (na rúa Pazo de San Roque, 2 en Santiago de Compostela ou nos gabinetes das xefaturas territoriais).

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable*

En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais de no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A PROMOCIÓ DO USO DA LINGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED115A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
ENTIDADE LOCAL						NIF	
TIPO DE VÍA						NÚMERO	
NOME DA VÍA						BLOQUE	
						ANDAR	
						PORTA	
PARROQUIA				LUGAR			
CP		PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
EN CALIDADE DE		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a: <input type="radio"/> Entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN <input type="text"/>

MODALIDADE: (indíquese a que corresponda)	
<input type="checkbox"/> Creación dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupación de concellos)	
<input type="checkbox"/> Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupación de concellos)	
<input type="checkbox"/> Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico (concello ou agrupamento de concellos)	

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA			
1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas,			
<input type="radio"/> Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.			
<input type="radio"/> Si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obtéña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta publicación.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

7. Que acepta todo o estipulado na convocatoria.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso, presumirase que a consulta é autorizada)
 (artigo 10.1 da orde)

<input type="checkbox"/>	Acreditación de ter remitido as contas xerais do último exercicio ao Consello de Contas.			
<input type="checkbox"/>	Proxecto descriptivo e orzamento de gastos da modalidade solicitada (anexo II).			
<input type="checkbox"/>	Certificación relativa ao acordo de solicitude de subvención.			
<input type="checkbox"/>	Anexo III (só para os agrupamentos).			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Documento acreditativo do acordo de agrupamento por parte de cada concello agrupado e nomeamento dunha persoa representante única ou indicación da súa presentación anterior, se é o caso.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día nas obrigas tributarias co Estado.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día nas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma.	<input type="checkbox"/>

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "Relacións administrativas coa cidadanía e entidades" co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.secretaria@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).
 Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
 Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG do 20 de outubro).
 Orde do 16 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (ED115A).


SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



Secretaría Xeral de Política Lingüística


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: nyv5yoc6-vpm5-hk83-szj7-kpr5dwwcrl14


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROXECTO DESCRITIVO DA MODALIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN E ORZAMENTO

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

MODALIDADE PARA A CAL SE SOLICITA A SUBVENCIÓN E CANTIDADES TOTAIS SOLICITADAS

MODALIDADE	CONTÍA SOLICITADA
<input type="checkbox"/> A. Creación dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupamento de concellos)	
<input type="checkbox"/> B. Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupamento de concellos)	
<input type="checkbox"/> C. Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico (concello ou agrupamento de concellos).	





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
 (continuación)

DESCRIPCIÓN E ORZAMENTOS DOS PROXECTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

A. CREACIÓN DUN SERVIZO LINGÜÍSTICO DUNHA ENTIDADE LOCAL (CONCELLO OU AGRUPAMENTO DE CONCELLOS)

DATOS PREVISTOS PARA A CREACIÓN DO SERVIZO LINGÜÍSTICO

REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA: É/SON MEMBRO/S O/OS CONCELLO/S DA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

SI NON NON, pero presentou a solicitude formal de adhesión

POSICIONAMENTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO NO ORGANIGRAMA DA ENTIDADE LOCAL

Alcaldía Concellaría propia Outra (especificívese):

PREVISIÓN DE DOTACIÓN DE PERSOAL

NÚMERO DE INTEGRANTES DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (no caso de máis dunha persoa, deberá cubrirse unha ficha por cada unha)

RELACIÓN CONTRACTUAL

Funcionario/a Laboral fixo/a Laboral temporal (especificívese duración):

GRUPO DE COTIZACIÓN (ESPECIFÍQUESE)

FORMA DE SELECCIÓN DE PERSOAL

Concurso-oposición Oposición Concurso Outra (especificívese):

CUSTOS TOTAIS PREVISTOS DE PERSOAL:

 €

PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

TEN/TERÁ A ENTIDADE LOCAL PARTIDA ORZAMENTARIA ESPECÍFICA PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2018?

NON SI (especificívese cantidade):

 €

ORGANIZARÁ A ENTIDADE LOCAL PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL?

NON SI (ata cinco programas, e deberá cubrirse unha ficha explicativa por cada un dos programas):

Nº de ficha	Relación de programas	Custo previsto
1		€
2		€
3		€
4		€
5		€

Custos totais (sen IVE) previstos en programas de dinamización

€

Custos totais previstos de persoal

€

Contía da subvención solicitada para programas

€

Contía da subvención solicitada para persoal

€

Contía total da subvención solicitada

€





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
 (continuación)

DESCRIBIÓN E ORZAMENTOS DOS PROXECTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

B. MANTEMENTO OU REFORZAMENTO DUN SERVIZO LINGÜÍSTICO DUNHA ENTIDADE LOCAL (CONCELLO OU AGRUPAMENTO DE CONCELLOS)

DATOS XERAIS DO SERVIZO LINGÜÍSTICO

REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CÚBRASE NO CASO DE CONCELLO

É MEMBRO O CONCELLO DA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

SI NON NON, pero presentou a solicitude formal de adhesión (achegan copia)

CÚBRASE NO CASO DE AGRUPAMENTO DE CONCELLOS

SON MEMBROS OS CONCELLOS DA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

SI, todos

SI, algún/s do/dos concello/s pertence/n á rede

NON, pero presentaron todos a solicitude formal de adhesión (achegan cadansúa copia)

NON todos, pero algún/s presentou/presentaron a solicitude formal de adhesión (achega/n cadansúa copia)

NON, ningún dos concellos pertence á rede

DATA DE CREACIÓN

POSICIONAMENTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO NO ORGANIGRAMA DA ENTIDADE LOCAL

Alcaldía Concellaría propia Outra (especificíquese):

DATOS DE CONTACTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO

NOME EXACTO DO SERVIZO

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

ENDEREZO ELECTRÓNICO

ENDEREZO WEB

DATOS DO PERSOAL DO SERVIZO LINGÜÍSTICO

NÚMERO DE INTEGRANTES DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (no caso de máis dunha persoa, deberá cubrirse unha

ficha por cada unha):

NOME E APELIDOS DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

RELACIÓN CONTRACTUAL

Funcionario/a Laboral fixo/a Laboral temporal (especificíquese duración):

GRUPO DE COTIZACIÓN (ESPECIFÍQUESE)

ANTIGÜIDADE (INDÍQUESE A DATA DE NOMEAMENTO):

TITULACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, ou licenciaturas equivalentes

Mestre/a co diploma de especialista en Lingua Galega ou co curso superior de linguaxe administrativa

Outra licenciatura ou grao universitario (especificíquese):

OUTRA FORMACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Celga 5

Formación acreditada en sociolingüística e en dinamización social

Posgrao en Planificación Lingüística

CUSTOS TOTAIS DE PERSOAL NO PERÍODO DE SUBVENCIÓN (CONTÍA QUE SE XUSTIFICA):

 €




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
 (continuación)

PARA CUBRIR SÓ NO CASO DE REFORZAMENTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO

NÚMERO DE INTEGRANTES DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA QUE ESTÁ PREVISTO INCORPORAR (no caso de máis dunha persoa, deberá cubrirse unha ficha por cada unha):

RELACIÓN CONTRACTUAL DO PERSOAL TÉCNICO PARA O REFORZAMENTO

Funcionario/a Laboral fixo/a Laboral temporal (especificíquese duración):

GRUPO DE COTIZACIÓN (ESPECIFIQUESE)

CUSTOS TOTAIS PREVISTOS DE PERSOAL DE REFORZAMENTO: €

MODALIDADE DE MANTENIMENTO OU REFORZAMENTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO
PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

TEN/TERÁ A ENTIDADE LOCAL PARTIDA ORZAMENTARIA ESPECÍFICA PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2018?

NON SI (especificíquese cantidade): €

ORGANIZARÁ A ENTIDADE LOCAL PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL?

NON SI (ata cinco programas e deberá cubrirse unha ficha explicativa por cada un dos programas):

Nº de ficha	Relación de programas	Custo previsto
1		€
2		€
3		€
4		€
5		€

Custos totais (sen IVE) previstos en programas de dinamización	€
Custos totais previstos de persoal	€
Custos totais previstos de persoal de reforzamento	€
Contía da subvención solicitada para programas	€
Contía da subvención solicitada para persoal	€
Contía total da subvención solicitada	€





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
 (continuación)

DESCRICIÓN E ORZAMENTOS DOS PROXECTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

C. DESENVOLVEMENTO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DUNHA ENTIDADE LOCAL CARENTE DE SERVIZO LINGÜÍSTICO (CONCELLO OU AGRUPAMENTO DE CONCELLOS)

DATOS XERAIS DA ENTIDADE LOCAL

REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA: É/SON MEMBRO/S O/OS CONCELLO/S DA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

SI NON NON, pero presentou a solicitude formal de adhesión

DATOS DE CONTACTO DO DEPARTAMENTO QUE VAI ORGANIZAR O/S PROGRAMA/S DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 DEPARTAMENTO

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO ENDEREZO WEB

RESPONSABLE DO/DOS PROGRAMA/S

PROGRAMA/S DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (ATA CINCO PROGRAMAS, E DEBERÁ CUBRIRSE UNHA FICHA EXPLICATIVA POR CADA UN DOS PROGRAMAS)

Nº de ficha	Relación de programas	Custo previsto
1		€
2		€
3		€
4		€
5		€

Custos totais (sen IVE) previstos en programas de dinamización	€
Contía total da subvención solicitada:	€





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
(continuación)

FICHA EXPLICATIVA DOS PROGRAMAS

(Deberá cubrirse unha ficha explicativa por cada un dos programas. Ata cinco programas e catro actividades/accións por programa)

Nº DE FICHA NOME DA ENTIDADE LOCAL

SERVIZO/DEPARTAMENTO RESPONSABLE DO PROGRAMA

TELÉFONO DE CONTACTO ENDEREZO ELECTRÓNICO

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA

ESTÁ VINCULADO O PROGRAMA AOS ÁMBITOS PRIORITARIOS ESTABLECIDOS?

SI NON

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA

OBXECTIVOS XERAIS

POBOACIÓN DESTINATARIA

PERIODIZACIÓN DO PROGRAMA





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
(continuación)

ACCIÓN/ACTIVIDADES DO PROGRAMA**1 DENOMINACIÓN****BREVE DESCRICIÓN****OBJECTIVOS****POBOACIÓN DESTINATARIA****PERIODIZACIÓN****ORZAMENTO**

€

2 DENOMINACIÓN**BREVE DESCRICIÓN****OBJECTIVOS****POBOACIÓN DESTINATARIA****PERIODIZACIÓN****ORZAMENTO**

€





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
(continuación)

3 DENOMINACIÓN	
<input type="text"/>	
BREVE DESCRICIÓN	
<input type="text"/>	
OBXECTIVOS	
<input type="text"/>	
POBOACIÓN DESTINATARIA	
<input type="text"/>	
PERIODIZACIÓN	
<input type="text"/>	
ORZAMENTO	€

4 DENOMINACIÓN	
<input type="text"/>	
BREVE DESCRICIÓN	
<input type="text"/>	
OBXECTIVOS	
<input type="text"/>	
POBOACIÓN DESTINATARIA	
<input type="text"/>	
PERIODIZACIÓN	
<input type="text"/>	
ORZAMENTO	€





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II
(continuación)

COLABORACIÓN DOUTRAS ENTIDADES NO PROGRAMA

NON SI (especificívese entidade/s e tipo de colaboración)

--

OBSERVACIÓN E/OU COMENTARIOS

--

ORZAMENTO TOTAL PREVISTO

€

galicia

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CVE-DOG: nyv5yoc6-vpm5-hk83-szj7-kpr5dvwcril4



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO III

Declaración de cada un dos concellos
(só no caso das agrupacións)


DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
ENTIDADE LOCAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA			
Que para a/s actuación/s denominada/s			
<input type="text"/>			
1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas,			
<input type="radio"/> Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este/s mesmo/s proxecto/s e conceptos para os cales solicita esta subvención.			
<input type="radio"/> Si se solicitou e/ou ten concedidas axudas para este/s mesmo/s proxecto/s e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.			
3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.			
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.			
5. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta publicación.			

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día nas obrigas tributarias co Estado.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Estar ao día nas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma.	<input type="checkbox"/>

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE	
Lugar e data	
<input type="text"/>	, <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



Secretaría Xeral de Política Lingüística

CVE-DOG: nyv5yoc6-vpm5-hk83-szj7-kpr5dvwcril4



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

MODALIDADE/S EN QUE SE CONCEDEU SUBVENCIÓN E CANTIDADE/S QUE SE XUSTIFICA/N

MODALIDADE	CONTÍA QUE SE XUSTIFICA
<input type="checkbox"/> A. Creación dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupamento de concellos).	
<input type="checkbox"/> B. Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local (concello ou agrupamento de concellos).	
<input type="checkbox"/> C. Desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade carente de servizo lingüístico (concello ou agrupamento de concellos).	

NOTA: cómpre ter en conta que, ademais deste anexo, para a xustificación é preciso tamén achegar a documentación sinalada no artigo 21 da orde pola que se establecen as bases para a concesión das subvencións.





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV
 (continuación)

MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS PARA OS CALES SE CONCEDEU A SUBVENCIÓN
A. PARA AS MODALIDADES A E B (CREACIÓN, MANTEMENTO OU REFORZAMENTO DUN SERVIZO LINGÜÍSTICO DUN CONCELLO OU DE VARIOS CONCELLOS AGRUPADOS)
DATOS XERAIS DO SERVIZO LINGÜÍSTICO NA DATA DA XUSTIFICACIÓN

DATA DE CREACIÓN

REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA: É MEMBRO A ENTIDADE DA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

 SI NON

POSICIONAMENTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO NO ORGANIGRAMA DA ENTIDADE LOCAL

 Alcaldía Concellaría propia Outra (especificívese):

TÊN A ENTIDADE LOCAL PARTIDA ORZAMENTARIA ESPECÍFICA PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2018?

 NON SI (especificívese cantidade):

€

DATOS DE CONTACTO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO

NOME EXACTO DO SERVIZO

TIPO DE VÍA

NOME DA VÍA

NÚMERO

BLOQUE

ANDAR

PORTA

CP

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO

FAX

ENDEREZO ELECTRÓNICO

ENDEREZO WEB

DATOS DO PERSOAL DO SERVIZO LINGÜÍSTICO

NÚMERO DE INTEGRANTES DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA (no caso de máis dunha persoa, deberá cubrirse unha ficha por cada unha):

NOME E APELIDOS DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

RELACIÓN CONTRACTUAL
 Funcionario/a Laboral fixo/a Laboral temporal (especificívese duración):

GRUPO DE COTIZACIÓN (ESPECIFÍQUESE)

ANTIGÜIDADE (INDÍQUESE A DATA DE NOMEAMENTO):

TITULACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 Grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, ou licenciaturas equivalentes

 Mestre/a co diploma de especialista en Lingua Galega ou co curso superior de linguaxe administrativo

 Outra licenciatura ou grao universitario (especificívese):

OUTRA FORMACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
 Celga 5

 Formación acreditada en sociolingüística e en dinamización social

 Posgrao en Planificación Lingüística

CUSTOS TOTAIS DE PERSOAL NO PERÍODO DE SUBVENCIÓN (CONTÍA QUE SE XUSTIFICA):

€





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV
(continuación)

PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

DESENVOLVEU A ENTIDADE LOCAL OS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PROPOSTOS PARA ESTA SUBVENCIÓN?

NON SI (ata cinco programas, e deberá cubrirse unha ficha explicativa por cada un dos programas que se xustifican):

Nº de ficha	Denominación do programa	Ámbito de actuación	Contía xustificada
1			€
2			€
3			€
4			€
5			€

Custos totais dos programas de dinamización desenvolvidos (contía que se xustifica, sen IVE): €

Custos totais de persoal: €

Custos totais da subvención concedida que se xustifican: €





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV
 (continuación)

MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS PARA OS CALES SE CONCEDEU A SUBVENCIÓN

B. SÓ PARA A MODALIDADE C (ORGANIZACIÓN DE PROGRAMAS PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO LOCAL)
 (Ata cinco programas, e deberá cubrirse unha ficha explicativa por cada un dos programas que se xustifican)

DATOS XERAIS DA ENTIDADE LOCAL

REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA: É MEMBRO A ENTIDADE LOCAL DA REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA?

SI NON NON, pero presentou a solicitude formal de adhesión (achega copia/s compulsada/s)

DATOS DE CONTACTO DO DEPARTAMENTO QUE VAI ORGANIZAR O/S PROGRAMA/S DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

DEPARTAMENTO

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO ENDEREZO WEB

RESPONSABLE DO/DOS PROGRAMA/S

PROGRAMA/S DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Nº de ficha	Denominación do programa	Ámbito de actuación	Contía xustificada
1			€
2			€
3			€
4			€
5			€

IMPORTE TOTAL (concedido e xustificado, sen IVE) €





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV
(continuación)

FICHA XUSTIFICATIVA DOS PROGRAMAS

(En todas as modalidades deberá cubrirse unha ficha explicativa por cada un dos programas que se xustifican. Ata cinco programas e catro actividades/accións por programa)

Nº DE FICHA NOME DA ENTIDADE LOCAL

SERVIZO/DEPARTAMENTO RESPONSABLE DO PROGRAMA

TELÉFONO DE CONTACTO ENDEREZO ELECTRÓNICO

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

BREVE EXPLICACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

BREVE AVALIACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

POBOACIÓN DESTINATARIA

PERÍODO EN QUE SE DESENVOLVEU O PROGRAMA





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV
(continuación)

ACCIÓN/ACTIVIDADES DO PROGRAMA QUE SE DESENVOLVERON	
1 DENOMINACIÓN	
BREVE DESCRICIÓN DO DESENVOLVEMENTO	
CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS	
POBOACIÓN DESTINATARIA	
PERIODIZACIÓN	
CONTÍA QUE SE XUSTIFICA	€
2 DENOMINACIÓN	
BREVE DESCRICIÓN DO DESENVOLVEMENTO	
CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS	
POBOACIÓN DESTINATARIA	
PERIODIZACIÓN	
CONTÍA QUE SE XUSTIFICA	€





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV
(continuación)

3 DENOMINACIÓN	
BREVE DESCRICIÓN DO DESENVOLVEMENTO	
CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS	
POBOACIÓN DESTINATARIA	
PERIODIZACIÓN	
CONTÍA QUE SE XUSTIFICA	€

4 DENOMINACIÓN	
BREVE DESCRICIÓN DO DESENVOLVEMENTO	
CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS	
POBOACIÓN DESTINATARIA	
PERIODIZACIÓN	
CONTÍA QUE SE XUSTIFICA	€





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO IV
 (continuación)

COLABORACIÓN DOUTRAS ENTIDADES NO PROGRAMA

NON SI (especificívese entidade/s e tipo de colaboración)

OBSERVACIÓNS E/OU COMENTARIOS

MATERIAL XUSTIFICATIVO QUE SE ENTREGA (DEBE INDICARSE O FORMATO, CARÁCTER E NOME OU TÍTULO DO MATERIAL)

	FORMATO (folleto, cartel, fotografía, CD, publicación anuncio etc.)	CARÁCTER (lingüístico, comunicativo, didáctico, lúdico publicitario etc.)	NOME OU TÍTULO DO MATERIAL
1			
2			
3			
4			
5			

OBSERVACIÓNS E/OU COMENTARIOS

CONTÍA TOTAL QUE SE XUSTIFICA

€

galicia

Secretaría Xeral de Política Lingüística

CVE-DOG: nyv5yoc6-vpm5-hk83-szj7-kpr5dvwcril4



**XUNTA
 DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO V

DECLARACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

Que para a/as actuación/s denominada/s

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas,

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este/s mesmo/s proxecto/s e conceptos para os que solicita esta subvención.
- Si se solicitaron e/ou ten concedidas axudas para este/s mesmo/s proxecto/s e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e no ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Secretaría Xeral de Política Lingüística

